

## **REGULAMENTO DA COMISIÓN DE TITULACIÓN DE ENXEÑERÍA QUÍMICA**

*(Aprobado na Comisión de Titulación do 18-12-2012)*

*(Aprobado na Xunta de Escola de 20-12-2012)*

### *Artigo 1.- Composición da Comisión*

A Comisión estará composta por un membro do equipo de dirección, que a presidirá, 5 profesores e 2 alumnos da titulación e 1 PAS todos eles pertenecentes á Xunta de Escola. No caso de que non existan na Xunta alumnas/os da titulación poderán formar parte das comisión alumnas/os da Xunta de Centro ánda que non sexan da titulación.

### *Artigo 2.- Eleccións dos membros da Comisión*

Os membros da Comisión serán elixidos polo sector respectivo da Xunta de Escola entre as/os profesoras/es, as/os alumnas/os e os PAS pertenecentes á mesma.

### *Artigo 3.- Ceses e novos nomeamentos*

Os membros da Comisión exercerán as súas funcións desde unha vez constituída ata a convocatoria de novas eleccións.

Os membros da Comisión cesarán ben a petición propia, ben no momento en que deixen de formar parte da Xunta de Escola.

Cando os ceses se produzcan como consecuencia da renovación da composición da Xunta de Escola procederase o antes posible á convocatoria dun proceso de eleccións entre os novos membros de Xunta de Escola para a renovación da composición da Comisión.

### *Artigo 3.- Nomeamento de Secretario/a e coordinador das titulacións*

Na primeira reunión constitutiva, a Comisión nomeará ao Secretaria/o entre os profesores/as que a compoñan, que actuará a partir dese momento como Coordinador das titulacións de Grao en Enxeñería Química e Enxeñería Química.

### *Artigo 4.- Funcións*

A comisión da titulación de Enxeñería Química será a encargada de velar polo correcto desenvolvemento da programación docente das titulacións de Grao en Enxeñería Química e Enxeñería Química, de informar sobre a adecuación da programación docente das materias ao respectivo plan de estudos e ás normas da USC e de elaborar a proposta de Plan Docente Anual (PDA).

Revisará as solicitudes de validación de materias ou informes de homologación de alumnos e titulados en Enxeñería Química ou titulacións análogas. Será tamén a responsable de facer propostas á ETSE de informes docentes, solicitados por profesores e PDI que impartiran docencia nas titulacións de Grao en Enxeñería Química e Enxeñería Química.

### *Artigo 5.- Convocatoria*

- a) O secretario/a da Comisión, por orde do presidente, deberá realizar a convocatoria cun mínimo de 48 horas de antelación.

- b) Enviará por correo electrónico os puntos da orde do día da convocatoria á secretaría de dirección, xunto coa documentación que puidera estar relacionada con eles (en papel se non é posible por correo electrónico), para que esta remita a convocatoria e documentación a todos os membros do órgano.
- c) A secretaría de dirección encargarase de arquivar electronicamente na carpeta aberta ao efecto as convocatorias da comisión, xunto coa documentación de habela.

#### *Artigo 7.- Reunións*

A Comisión constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia do/a Presidente/a ou Secretario/a, debendo asistir un mínimo de 3 membros da Comisión.

#### *Artigo 7.- Actas*

- a) Unha vez celebradas as reunións o/a secretario/a da Comisión elaborará a acta do tratado na reunión. Esta acta acompañada dos anexos, se os houbera, se remitirán por correo electrónico á secretaría de dirección.
- b) A secretaría de dirección arquivará electrónicamente nunha carpeta específica todas as actas e documentación.

#### *Artigo 8.- Procedemento de urxencia*

Os temas urxentes que requiran unha resposta formal por parte da Comisión someteranse á opinión dos membros da Comisión vía correo electrónico e consideraranse aprobados no caso de existir unanimidade ao respecto. Normalmente este procedemento se aplicará a asuntos considerados de trámite ou dunha entidade que non faga procedente, a criterio do presidente/secretario, convocar unha reunión presencial da Comisión.

Os acordos tomados por este procedemento deberán ser informados na seguinte reunión presencial da Comisión, nun punto expreso adicado a este tema na orde do día.